

DONA PILAR MARÍA PASTOR NOVO, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA)

CERTIFICO:

Que o Pleno municipal, na súa sesión ordinaria do día vinte e sete de marzo de dous mil vinte e cinco, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“2. PARTE RESOLUTIVA

(.../...)

2.3. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “PROXEDIS SOCIO SANITARIO-EDUCATIVO II” 2024/2025 DO CONCELLO DE CAMBRE

A Presidencia somete á aprobación da Comisión Informativa a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo de data 6 de marzo de 2025 (CVD: IP7Vix76RqGz1y2iF/nC), que transcrita di:

«PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

Visto que os obradoiros de emprego se conciben como programas de carácter temporal, mixtos de formación e emprego, enmarcados nas políticas activas de empleo, dirixidos a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de 18 anos ou máis anos, a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia laboral, mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social, co obxectivo final de favorecer a inserción laboral das persoas participantes.

Tendo en conta a positiva experiencia obtida na posta en marcha dos proxectos: Proxedis, Proxedis II, Proxedis Proweb I, II, III e Proxedis-Cambre (*PROfesionais en XEriátria e DIScapacidade*), e *PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo*”, os resultados acadados nos obradoiros de emprego da especialidade formativa “Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións” cunha porcentaxe media de inserción laboral no sector dun 76% do alumnado traballador entre os anos 2012 ao 2023, así como a alta demanda laboral da ocupación de coidador/a de persoas o xerocultor/a, empuxáronnos un ano máis a continuar por este camiño elaborando un novo proxecto que además contempla unha segunda ocupación na mesma área sociosanitaria educativa con persoas con discapacidade. Este novo proxecto denominase “*PROXEDIS SOCIO Sanitario-educativo II*” (*Profesionais en Xeriatría e Discapacidade*) 2024/2025, e contempla a contratación en alternancia coa formación dun total de 20 persoas desempregadas de Cambre especialmente desfavorecidas, de 18 e máis anos. Do total dos 20 contratos 12 serán para a formación en alternancia co emprego de “Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institución social”, e 8 para a formación en alternancia co emprego de “Promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade”. En ambas especialidades realizarán o traballo práctico nas entidades de interese social sen fins lucrativos, colaboradoras co proxecto, que actúan nos sectores de ocupación do proxecto.

Vista a resolución núm.272/2024 de 8 de marzo do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación (CVD: kjpBT0NNBBQDbkilCRc), modificada pola Resolución do concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo núm.504/2024 de data 19 de maio (CVD: 8myYvVM6lrrYLs5Vyh2Y), pola que se aproba o proxecto para a execución do obradoiro dual de emprego “*PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II*” 2024/2025 (*PROfesionais en XEriátria e DIScapacidade*), que

permitirá a contratación en alternancia coa formación dun total de 20 persoas desempregadas especialmente desfavorecidas, de 18 e máis anos, para a realización de servizos de interese social nas áreas da atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais e de promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade, en institucións colaboradoras co proxecto, e a solicitude da subvención para a execución do obradoiro mencionado, ao abeiro da orde da Consellería de Emprego e Igualdade de 7 de febreiro de 2024.

Vista a resolución do 19 de agosto de 2024 do director territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, na que se concede unha subvención ao Concello de Cambre para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego “*PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II*” 2024/2025, polo importe de 441.928,00 € para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se suscribisen co alumnado para a realización do proxecto (20 alumnos/as traballadores/as), ds cales **30.000,00 € destinaranse para 20 incentivos á contratación laboral temporal do colectivo participante á finalización do obradoiro** (1.500,00 € por cada traballador/a, co obxecto de promover a inserción laboral das persoas participantes no obradoiro dual de emprego), faise precisa a realización dunha convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea das persoas participantes no obradoiro, ao establecelo así expresamente o artigo 15.2 da orde de 7 de febreiro de 2024 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade “*2. O obxecto dos incentivos á contratación é promover a inserción laboral das persoas participantes dos obradoiros duais de emprego. No caso de que as entidades promotoras soliciten subvención para incentivos á contratación deberán publicar unha convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea das persoas participantes dos obradoiros duais de emprego, dirixido a empresas do ámbito da formación impartida polos obradoiros duais de emprego...*”.

As principais características destes incentivos á contratación son:

- A xestión das axudas realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.
- O procedemento de tramitación das axudas axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- As axudas teñen como obxecto, a contratación do alumnado/traballador (con resultado de apto/a) da especialidade **“atención sociosanitaria a persoas dependente en institucións sociais”**, por parte de empregadores, empresas ou entidades que sexan titulares ou adxudicatarios da xestión ou similar de centros de iniciativa social ou de iniciativa privada (residencias, centros de día, servizos de axuda no fogar, etc.) que presten servizos de atención sociosanitaria nos ámbitos da xeriatría (maiores) e/ou a discapacidade a persoas en réxime de permanencia parcial, temporal ou permanente, ou ben a contratación do alumnado/traballador da especialidade **“promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade”**, por parte de empregadores, empresas ou entidades que sexan titulares ou adxudicatarios da xestión ou similar de centros de iniciativa social ou de iniciativa privada (centros educativos, residencias, centros de día, etc.) que presten servizos de promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade.
- Teñen como finalidade incentivar a contratación laboral temporal das persoas participantes no obradoiro, cunha duración mínima de 3 meses de alta en Seguridade Social a xornada completa que obtiveran acadado con apto o certificado de profesionalidade cursado.
- Os contratos temporais incentivaranse cunha **subvención fixa de 1.500,00 € por cada traballador/a contratado/a**.
- O número máximo de contratacións a incentivar será de 20 alumnos traballadores (12 da especialidade de “atención sociosanitaria a persoas dependente en institucións sociais”, e 8 da especialidade de “promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade”).
- O número máximo de contratos temporais a incentivar con cargo á presente convocatoria será de cinco por entidade participante.
- As solicitudes de axudas deberán presentarse no prazo comprendido entre a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e o día 16 de xuño de 2025 **e as contratacións formalizaranse**,

con carácter xeral, entre os días 1 ao 15 de setembro de 2025. Agás que por causas de forza maior a finalización do obradoiro de emprego teña que retrasarse ou por outros feitos motivados se necesite ampliar o prazo. Nese caso os contratos se formalizarán nos quince días seguintes a partir da nova data de finalización.

- Todos os trámites administrativos a realizar durante a tramitación dos procedementos previstos nas bases deberán ser realizados electrónicamente.
- As contratacóns polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse ao Servizo Público de Emprego na forma regulamentariamente establecida, axustarse ao disposto nas bases da convocatoria, e realizarse na categoría profesional correspondente en virtude da normativa laboral aplicable.
- O orzamento global máximo para esta convocatoria ascende a 30.000,00 euros, sendo o seu 100% aboadao ao Concello pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e Igualdade unha vez formalizados a resolución de concesión da axuda á entidade e os contratos temporais acreditativos das contratacóns realizadas.

Tendo en conta a Resolución núm. 138/2024 de data 17/02/2024 do concelleiro delegado da área de economía, Facenda, Innovación tecnolóxica e Seguridade Cidadá polo que se aproba o expediente de xeración de crédito núm.1/2025 polo importe de 297.753,20 euros, no que se contemplan 30.000,00 euros na aplicación orzamentaria 241.48000 “subvencións correntes institucións e empresas fomento de emprego”

Tendo en conta o documento de retención de crédito RC asinado pola interventora o día 24/02/2025 Nºoperación 220250000186 no proxecto 2024 3 241 3 1 Obradoiro de emprego PROXEDIS II 24/25, aplicación orzamentaria 241.48000 Subvencións correntes inst e empresas fomento emprego

Tendo en conta o informe emitido pola responsable da Axencia de Desenvolvemento Local de data 25 de febreiro de 2025 (*CVD: uYun0IGs5d0xK6gL0deU*), e a fiscalización favorable da interventora municipal indicada nas observacións do expediente TEDeC 2025/G006/000034 que literalmente dí “Fiscalización favorable. Subir la propuesta del concejal firmada para que pueda incorporar mi informe” **propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:**

Primeiro.- Aprobar as bases para a convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II” (*PROfesionais en XEriátria e DIScapacidade*) 2024/2025 do Concello de Cambre, así como a súa convocatoria e modelos de solicitude (anexos).

Bases para a convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II” (*PROfesionais en XEriátria e DIScapacidade*) 2024-2025 do Concello de Cambre.

Base 1ª. Disposición xeral

- 1.1. A convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II” 2024/2025 (*PROfesionais en XEriátria e DIScapacidade*) do Concello de Cambre, ten por obxecto incentivar a contratación e promover a inserción laboral das persoas participantes no mesmo, de acordo co disposto nos artigos 15 e 35 da Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2024.
- 1.2. A xestión destas axudas realizarase de acordo cos seguintes principios:
 - a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
 - b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.
 - c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

1.3. A cantidade global máxima para esta convocatoria ascende a 30.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria “241.148.000 Subvencións correntes institucións e empresas fomento do emprego”

En calquera caso, a concesión de subvencións e o recoñecemento das contías quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria.

Base 2ª. Finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea

2.1. Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas desempregadas participantes ou que tivesen participado (co resultado de apto/a) no obradoiro dual de emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II” 2024/2025 do Concello de Cambre, financiado a través da convocatoria 2024 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Turismo da Xunta de Galicia. O número máximo de contratacóns a incentivar será de 20 alumnos/as traballadores/as (12 da especialidade de “atención sociosanitaria a persoas dependente en institucións sociais”, e 8 da especialidade de “promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade”).

2.2. As contratacóns temporais que se beneficien desta convocatoria terán que cumplir cunha duración mínima de alta en Seguridade Social de 3 meses; deberán reunir os requisitos establecidos nas presentes bases e terán **que formalizarse, con carácter xeral, entre os días 1 ao 15 de setembro de 2025**, agás que por causas de forza maior a finalización do obradoiro de emprego teña que retrasarse ou se por outros feitos motivados se necesite ampliar o prazo. Nese caso os contratos formalizaranse nos quince días seguintes a partir da nova data.

2.3. A xornada da contratación temporal será a tempo completo.

2.4. As entidades beneficiarias seleccionarán ao alumnado traballador obxecto de contratación e **presentarán un listado cos/as persoas candidatas á contratación por orde de prioridade**, que deberán presentarse a través da sede electrónica do Concello de Cambre, **nos dez días anteriores á finalización do proxecto** o día 31 de agosto de 2025, agás que por causas de forza maior ou causas debidamente motivadas se necesite modificar o prazo.

Base 3ª. Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación

3.1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación:

- a) As persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas (traballadores/as autónomos/as), as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica. No caso de sociedades civís, comunidades de bens e únions temporais de empresas, deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que vai aplicarse para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumplir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación. No suposto de únions temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas. Asemade, poderán ser beneficiarias destes incentivos as entidades sen ánimo de lucro (asociacións, fundacións), as congregacións e entidades relixiosas e restantes organizacións nas que concorran os requisitos establecidos nestas bases.
- b) Que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial dos obradoiros duais de emprego relacionados con ocupacións ou postos de traballo vinculados a:
 - Atención sociosanitaria a persoas dependentes (coidadoras/es de persoas dependentes, coidador/a de persoas con discapacidade, xerocultoras/es, auxiliares de axuda ao domicilio ou similares), na categoría profesional , ou

- Promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapadidade (monitores/as educadores/as de persoas con discapacidade, monitores/as de servizos á comunidade, Integradores/as sociais ou similar), na categoría profesional correspondente.
- c) Para a contratación do alumnado/traballador da especialidade **“atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais”**, as entidades o empresas beneficiarias deberán ser titulares, adxudicatarias da xestión ou similar, de centros de iniciativa social ou de iniciativa privada (residencias de persoas dependentes, centros de día, servizos de axuda no fogar, etc.) que presten servizos de atención sociosanitaria nos ámbitos da xeriatría (maiores) e/ou no ámbito da discapacidade a persoas en réxime de permanencia parcial, temporal ou permanente.
- d) Para a contratación do alumnado/traballador da especialidade **“promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade”**, as entidades o empresas beneficiarias deberán ser titulares, adxudicatarias da xestión ou similar, de centros de iniciativa social ou de iniciativa privada (centros educativos, residencias para persoas dependentes, centros de día, etc.) que presten servizos de promoción e intervención socio educativa con persoas con discapacidade.
- 3.2. No poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administración públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vencelladas ou dependentes de calquera delas.
- 3.3. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas nesta convocatoria as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia:
- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
 - b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declarados en concurso salvo que neste adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
 - c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato subscrito coa Administración.
 - d) Estar incursa a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
 - e) Non estar ao corrente das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos regulamentariamente establecidos.
 - f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
 - g) Non estar ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.
 - h) Ser sancionada mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.
 - i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.
 - j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, en tanto non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.
- 3.4. No poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis

do texto refundido da Lei de infraccións e sancións no orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

- 3.5. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que non estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre, que serán comprobadas de oficio.
- 3.6. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 3.3 e 3.4 anteriores para obter a condición de beneficiaria se realizará mediante declaración responsable, segundo modelo do **anexo II**.
- 3.7. A xustificación da titularidade, da adxudicación da xestión ou similar de centros de iniciativa social ou de iniciativa privada (residencias, centros de día, servizos de axuda no fogar, etc.) que presten servizos de atención sociosanitaria nos ámbitos da xeriatría (maiores) e/ou da discapacidade a persoas en réxime de permanencia parcial, temporal ou permanente, ou ben de centros de iniciativa social ou de iniciativa privada (centros educativos, residencias, centros de día, etc.) que presten servizos de promoción e intervención socio educativa con persoas con discapacidade, poderase realizar mediante consulta dos datos incluídos no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) aplicación xestionada pola Subdirección xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia.

Base 4ª. Contía dos incentivos, incompatibilidades e concorrencia

- 4.1. As contratacións temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500,00 € por cada traballador/a, correspondente a un contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.
- 4.2. O **número máximo de contratos** temporais a incentivar con cargo á presente convocatoria **será de cinco** por entidade participante.
- 4.3. Os beneficios establecidos á contratación nesta convocatoria serán incompatibles con outros que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento do emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.
- 4.4. Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero sen que en ningún caso, illadamente ou en concordancia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Neste sentido, non poderán, en concordancia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

Base 5ª. Exclusións

Exclúense dos beneficios regulados nesta convocatoria:

- 5.1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.
- 5.2. Os contratos realizados co/coa cónxuge, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un solo familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

- 5.3. As contratacóns realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestaran servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de relevo ou de relevo por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás que a persoa solicitante dos beneficios sucedera en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Base 6ª. Solicitudes, documentación e prazos

- 6.1. O prazo de presentación de solicitudes iniciarase a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no boletín oficial da provincia de A Coruña, **e rematará o día 16 de xuño de 2025**.
- 6.2. As solicitudes de axudas dirixiranse ao/á Alcalde do Concello de Cambre e presentaranse na súa sede electrónica (<https://sede.cambre.es/opencms/gl/>).
- 6.3. **Todos os trámites administrativos** que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación dos procedementos previstos nestas bases, **deberán ser realizados electrónicamente**.
- 6.4. As solicitudes deberán presentarse pola persoa interesada, ou por quien obstante a súa representación, no modelo normalizado “Solicitud” que figura como **anexo I** a estas bases reguladoras, e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:
 - a) Copia do DNI, NIE ou NIF da entidade.
 - b) Documentación que acredite a capacidade da persoa que actúe como representante legal da entidade para actuar no seu nome e representación (certificados de nomeamento, apoderamentos, etc.).
 - c) Fotocopia da escritura de constitución, acta fundacional ou documento equivalente, no caso de persoas xurídicas e das entidades sen ánimo de lucro, da acreditación da inscrición no rexistro de entidades relixiosas, no caso das congregacións e entidades relixiosas, ou calquera outra documentación acreditativa da personalidade xurídica.
 - d) Declaración responsable e autorizacións segundo o modelo do **anexo II**.
 - Declaración responsable de non estar incuso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Declaración responsable de non ter sido excluído/a do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, sobre infraccións e sancións na orde social.
 - Declaración responsable de posuér a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumplir as condicións da axuda.
 - Autorización ao Concello de Cambre para a obtención das certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas coa Administración Tributaria, coa Seguridade Social, coa Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre (no caso de non conceder esta autorización, deberán aportar certificados de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e co Concello de Cambre).
 - e) Certificado de situación no censo de actividades económicas da AEAT actualizado
 - f) Declaración responsable comprensiva do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións segundo o modelo do **anexo III**.
 - g) Certificado de conta bancaria ou documento acreditativo.

Os interesados poderán presentar xunto á solicitude o **Anexo IV** de aceptación da subvención.

Se a solicitude non reúne todos os requisitos ou documentación necesarios, o órgano competente requirirá ao/á interesado/a para que enmende as fallas ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude despois da resolución á que se refire o artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Non será necesario acompañar a documentación recollida nos apartados a), b), c), e) e g) nos casos en que esta documentación figure xa en poder do Concello de Cambre, e non rexistrase cambios, por ter participado no programa de incentivos á contratación en proxectos de programacións anteriores “PROXEDIS II”, “PROXEDIS-PROWEB”, “PROXEDIS-PROWEB II”, “PROXEDIS-PROWEB III” ou “PROXEDIS-Cambre”.

Base 7^a: Autorizacións

- 7.1. A solicitude desta axuda comportará a autorización pola persoa interesada ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 7.2. Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa interesada dá autorización expresa ao Concello de Cambre para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos á axuda recibida. De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos poden exercerse usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.

Base 8^a. Competencia, resolución e recursos

O órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación destas axudas será o alcalde, ou concelleiro/a en quien delegue, a proposta do/a concelleiro/a responsable, unha vez recibidas as propostas definitivas dos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, previa comprobación da documentación xustificativa presentada que acompaña á solicitude e do cumprimento polas entidades beneficiarias dos requisitos establecidos nas bases, e logo da súa fiscalización pola Intervención Municipal.

- 8.1. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.
- 8.2. O prazo para resolver e notificar a resolución será de 1 mes, que se computará dende a data de finalización do prazo de presentación da solicitude na sede electrónica do Concello de Cambre para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.
- 8.3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación de conformidade, mediante a presentación da solicitude asinada de aceptación **Anexo IV**. Transcorrido este prazo, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada. O dito anexo poderá presentarse xunto coa solicitude.
- 8.4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes,

ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Base 9^a. Procedemento de concesión, instrución e tramitación

- 9.1. O procedemento de concesión das axudas presentadas ao amparo desta convocatoria axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e o obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realizaráse pola comprobación da concorrencia nas entidades e empresas e nos empregadores dos requisitos establecidos, por orde de entrada no rexistro e expediente completo, ata o esgotamento do crédito orzamentario.
- 9.2. A instrución do procedemento levarase a cabo polos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución. Se resultase que a documentación está incompleta ou é defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.
- 9.3. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o **Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal**, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para os efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación por medios electrónicos entenderase rexeitada cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
- 9.4. As axudas previstas nestas bases están amparadas no réxime de axuda de minimis, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, de 24 de decembro de 2013).

Base 10^a. Modificación da resolución de concesión

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Base 11^a. Xustificación e pagamento

- 11.1. Concedidas e notificadas as axudas, estas faranse efectivas nun pagamento único, rematado o período de contratación estipulado, unha vez que se xustifique a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, condicionado á acreditación nun prazo máximo de **1 mes desde o remate da contratación subvencionada** por parte da entidade ou empresa beneficiaria. O pagamento das subvencións quedará condicionado á presentación, a través de Sede electrónica, da documentación xustificativa para o mesmo no prazo anteriormente indicado, mediante a remisión da seguinte documentación:
 - a) Xustificación, declaración de cumprimento das bases da convocatoria e solicitude de pagamento segundo o

modelo do **anexo V**.

- b) Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o **modelo do anexo III**.
 - c) **Copia dos contratos de traballo**, debidamente comunicados ao Servizo Público de Emprego, das persoas desempregadas obxecto de subvención, que tiveran participado no proxecto de Obradoiro de Emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II” 2024/2025, que formalizados, con carácter xeral, entre os días 1 ao 15 de setembro de 2025. Agás que por causas de forza maior a finalización do obradoiro de emprego se retrase ou por feitos motivados se virá modificando o prazo. Nese caso os contratos deberán estar formalizados, con carácter xeral, nos quince días seguintes a partir da nova data.
 - d) **Informe de vida laboral do código da conta de cotización** específica da empresa ou entidade na que se fixo a contratación, comprensiva do período de duración da contratación.
- 11.2. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda da metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias.
- 11.3. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou co Concello de Cambre ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.
- 11.4. Logo da resolución de concesión, a alcaldesa, a proposta do concelleiro/a delegado/a competente, aprobará o recoñecemento de obrigas correspondentes ás subvencións concedidas, e ordenará o pagamento da axuda. O abono levarase a cabo nun único pago, e mediante transferencia bancaria á conta de titularidade da entidade ou empresa beneficiaria sinalada.

Base 12ª. Obrigas das entidades beneficiarias

- 12.1. Incorporar á/ás persoa/as contratada/as nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no obradoiro dual de emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II” 2024/2025 (“*atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais*” ou “*promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade*”).
- 12.2. Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención durante o tempo mínimo establecido nestas bases, mantendo no seu cadre de persoal á persoa contratada polo período obxecto de subvención (mínimo 3 meses de alta en Seguridade Social) a xornada completa.
 - No caso de extinción do contrato de traballo temporal polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa deberá comunicar esta circunstancia ao Concello de Cambre, **no prazo de sete días naturais** dende que se produza, para promover o seu relevo en iguais condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no obradoiro, que non foran contratadas previamente.
 - Nestes casos, a cobertura do posto por un/unha novo/a traballador/a, deberá terse producido ou producirse dentro dos trinta días naturais seguintes ao cesamento, e por un período de tempo equivalente ao que restase ou reste para o remate do período estipulado inicialmente.
 - En caso contrario, a entidade beneficiaria non poderá percibir a axuda ou procederá ao seu reintegro. A nova persoa contratada deberá ter participado no proxecto de Obradoiro de Emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II” 2024/2025.

- No caso de que o Concello de Cambre non subministrara ningunha persoa candidata para ocupar o posto de traballo vacante, o importe a percibir de subvención será proporcional ao tempo efectivo da contratación.
 - De ser o caso, a empresa ou entidade beneficiaria disporá dun prazo de sete días naturais, que contará dende o remate do prazo que ten para a nova contratación, para comunicarlle ao Concello de Cambre esta nova contratación, acreditando:
 - O contrato de traballo da persoa contratada inicialmente inscrito na correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego e declaración responsable da causa da extinción contractual.
 - Baixa da persoa contratada inicialmente.
 - Alta da nova persoa traballadora no réxime xeral da Seguridade Social.
 - Contrato de traballo da nova persoa traballadora comunicado ao Servizo Público de Emprego.
- 12.3. Xustificar ante o Concello de Cambre o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade, aportar a documentación requirida, e someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello de Cambre. Particularmente, no caso de ser así establecido na resolución de concesión, aportar copia dos contratos de traballo obxecto de subvención, no prazo estipulado na antedita resolución de concesión.
- 12.4. Comunicar ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo concepto que se subvaciona con este programa.
- 12.5. Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a se ditar a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.
- 12.6. Conservar os documentos xustificativos relativos á axuda, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- 12.7. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida, axustarse ao disposto nas bases segunda e terceira desta convocatoria, e realizarse na categoría profesional correspondente en virtude da normativa laboral aplicable.
- 12.8. Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas polo Concello de Cambre de conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 31 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Para facilitar o cumprimento desta obriga o Concello de Cambre facilitará o modelo de cartel a colocar no lugar de traballo.
- 12.9. Todas as comunicacións e aportacións de documentación derivadas deste procedemento, deberán realizarse a través da Sede Electrónica.

Base 13^a. Perda do dereito ao cobro da subvención e reintegro

- 13.1. Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora correspondentes dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 13.2. As obrigas de reintegro establecidas nesta orde entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

- 13.3. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, por tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos cando a persoa traballadora subvencionada cese na súa relación laboral antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a entidade non proceda a substituíla.

Base 14ª. Devolución voluntaria da subvención

- 14.1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta do Concello de Cambre, en concepto de devolución voluntaria da subvención.
- 14.2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Base 15ª: Seguimento e control

Os/as solicitantes da axuda, no suposto de teren a condición de beneficiarios/as e para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, estarán sometidos ao control, comprobación e inspección do Concello de Cambre, que comportará a realización de todas as actuacións que se consideren oportunas para acreditar o cumprimento dos requisitos da axuda e, nomeadamente, para cumplir cos requisitos establecidos na base décimo segunda, así como para a avaliación deste programa. Ademais facilitaranlle á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Base 16ª: Incorporación ao Rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e demás normativa de desenvolvemento, os datos da axuda concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

SOLICITUDE (ANEXO I)

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II”

ENTIDADE SOLICITANTE

Razón social				C.I.F.	
Apellidos e nome				D.N.I/N.I.E	
Endereço					
C.P.	Localidade			Provincia	
Teléfono	Correo electrónico				
Actividade principal (descripción)				CNAE	
Outras actividades				CNAEs	

<input type="checkbox"/> Empresa individual	<input type="checkbox"/> Sociedade civil / comunidade de bens	<input type="checkbox"/> Outras sociedades (S.L., S.A.)	<input type="checkbox"/> Cooperativa / sociedade laboral
<input type="checkbox"/> Asociación	<input type="checkbox"/> Fundación	<input type="checkbox"/> Congregacións e institucións relixiosas	<input type="checkbox"/> Outras

DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL

Apelidos e nome	D.N.I/N.I.E
-----------------	-------------

ENDEREZO ELÉCTRÓNICO HABILITADO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNNS					
Enderezo electrónico habilitado a efectos de notificaciónns					
DATOS DO CENTRO NO QUE SE REALIZARÁ/N A/AS CONTRATACIÓN/S					
Enderezo do cento 1					
C.P.		Localidade			
Teléfono		Correo electrónico			
Enderezo do cento 2					
C.P.		Localidade			
Teléfono		Correo electrónico			
DATOS DAS CONTRATACIÓNNS A REALIZAR (máximo 5 contratos en total por entidade)					Número
Especialidade: Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais. Nº contratos que se compromete a realizar:					
Especialidade: Promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade. Nº contratos que se compromete a realizar:					
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos ao compromisos de contratacións temporal a realizar e duración mínima das contratacións (3 meses)					
DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA					
<input type="checkbox"/>	Copia do DNI, NIE ou NIF da entidade			<input type="checkbox"/> Obra no expediente municipal Incentivos á contratación	
<input type="checkbox"/>	Documentación que acredite a capacidade da persoa que actúe como representante legal da entidade para actuar no seu nome e representación			<input type="checkbox"/> Obra no expediente municipal Incentivos á contratación	
<input type="checkbox"/>	Fotocopia da escritura de constitución, acta fundacional ou documento equivalente, no caso de persoas xurídicas e das entidades sen ánimo de lucro ou da acreditación da inscrición no rexistro de entidades relixiosas, no caso das congregacións e entidades relixiosas ou calquera outra documentación acreditativa da personalidade xurídica			<input type="checkbox"/> Obra no expediente municipal Incentivos á contratación	
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable e autorizacións (Anexo II)				
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable comprensiva das axudas solicitadas, aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución (Anexo III)				
<input type="checkbox"/>	Certificado de conta bancaria			<input type="checkbox"/> Obra no expediente municipal Incentivos á contratación	
<input type="checkbox"/>	Aceptación da subvención (Anexo IV)				
<input type="checkbox"/>	Outra documentación (especificar)				
Sr alcalde do Concello de Cambre					
Quen subscribe, e despois de coñecer e aceptar as Bases da Convocatoria de axudas a través de Incentivos á Contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual "PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II 2024/2025 do Concello de Cambre, SOLICITA a concesión da/s corespondente/s axuda/as para á contratación, de acordo co especificado nas bases desta Convocatoria, e declara que son certos todos os datos do presente documento.					
Cambre, ____ de _____ de 202____					
Asdo, :					
De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámolle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.					

SOLICITUDE (ANEXO I Reverso)

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN "PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II"

POLÍTICA DE PRIVACIDADE

O Concello de Cambre, en cumprimento do deber de informar establecido en la Ley 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais (en diante LOPDGDD) en concordancia co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27



de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante RGPD) e demais normativa concordante sobre a materia, infórmalle:

- Que os datos que vostede achega nos formularios presentados ao Concello de Cambre para a xestión das subvencións a través de incentivos á contratación temporal por conta allea dos alumnos/as traballadores/as do Obradoiro Dual de Emprego "PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II" serán utilizados exclusivamente para as xestións necesarias para a tramitación das devanditas subvencións.
- Para poder proporcionarle devandito servizo é imprescindible o traslado dos seus datos persoais á Xunta de Galicia ou a outras Administracións públicas en cumprimento de obrigacións legais de información, de acordo coa normativa vixente
- Os datos serán almacenados durante o tempo necesario para poder cumplir coas obligacións legais que encomenda a normativa administrativa, e sempre, cumprindo polo menos co tempo mínimo de conservación da información. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.
- O responsable dos datos o Concello de Cambre, con dirección na rúa Adro nº1 15660 Cambre, teléfono 981 613128 e correo electrónico alcaldia@cambre.org
- A persoa interesada terá dereito a acceder aos seus datos persoais así como a solicitar a rectificación dos datos persoais conciernan ou, no seu caso, solicitar a supresión cando os datos xa non sexan necesarios en relación coa finalidade para os que foron recollidos. Poderá, así mesmo, retirar o seu consentimento, sen prexuízo de que esta administración poida negarse a suprimir os datos, entre outros motivos, por finalidade de arquivo e interese público.
- Así mesmo as persoas interesadas teñen dereito, en determinadas circunstancias, a solicitar a limitación do tratamento dos seus datos; nese caso devanditos datos só poderán ser obxecto de tratamento, con excepción da súa conservación, co consentimento da persoa interesada ou para a formulación, o exercicio ou a defensa de reclamacións ou con vistas á protección dos dereitos doutra persoa física ou xurídica ou por razóns de interese público. (Puiden solicitar a limitación do tratamento dos datos nas circunstancias indicadas no artigo 18 do RGPD).
- Pode exercitar os seus dereitos relativos á Protección de Datos mediante escrito dirixido a este Concello, presentado necesariamente por vía electrónica no Rexistro Municipal.
- Poderá presentar reclamación #ante a Autoridade de Control en materia de Protección de Datos competente, especialmente cando non obteña satisfacción no exercicio dos seus dereitos, mediante escrito dirixido á Axencia Española de Protección de Datos, C/Jorge Juan núm. 6, 28001 Madrid ou accedendo á súa sede electrónica: sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/

Ao asinar este documento confirma a toma de coñecemento e a aceptación das condicións sinaladas

Cambre, de	de 202
Asdo:	

DECLARACIÓN RESPONSABLE (ANEXO II)
INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II”

ENTIDADE SOLICITANTE

Don / dona con D.N.I/N.I.E.

En nome e representación de

Razón social con C.I.F.

DECLARA RESPONSABLEMENTE

- Que non está incursa en ningunha das incompatibilidades sinaladas na base terceira desta convocatoria.
- Que non está incursa en ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Que non está incursa en ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que non foi excluída do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, sobre infraccións e sancións na orde social.
- Que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa necesarias para cumplir as condicións da axuda.
- Que cumpre as condicións para ser beneficiaria de acordo co establecido na base terceira da convocatoria.
- Que todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre para a obtención das certificacións de estar ao corrente nas obrigas establecidas nas bases sexta e décimo segunda do programa, que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Xeral da Seguridade Social, á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que esteán ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre.
- A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre, no suposto de ter a condición de beneficiario/a da subvención, para realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para comprobar o cumprimento da finalidade dos incentivos á contratación do alumnado traballador do obradoiro de emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II” 2024/2025.

Cambre, de _____ de 202_____ Asdo.:	ADVÍRTESELLE DE QUE consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."
De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámolle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.	

DECLARACIÓN RESPONSABLE COMPRENSIVA DOUTRAS AXUDAS (ANEXO III)

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II”

ENTIDADE SOLICITANTE

Don / dona

con D.N.I/N.I.E.

En nome e representación de

Razón social

con C.I.F.

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que, para a mesma actividade ou proxecto, esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

Axuda		Ano	Organismo	Importe (€)	Tipo de axuda	Disposición reguladora
Solicitada	Concedida					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					

Ou, alternativamente

- Que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións para o mesmo concepto do proxecto ou actividade que as subvencións desta convocatoria de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.

Que esta entidade ten concedidas en réxime de minimis (Regulamento CE nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis), neste ano e nos dous anteriores, as axudas seguintes:

Ano	Organismo	Importe (€)	Tipo de axuda	Disposición reguladora



Ou, alternativamente

- Que non ten concedidas en réxime de mínimis axudas neste ano nin nos dous anteriores.

Así mesmo, a persoa solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

Cambre, de _____ de 202_____ Asdo.:	ADVÍRTESELLE DE QUE consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."
De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámolo que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.	

ACEPTACIÓN DA AXUDA (ANEXO IV)

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II”

ENTIDADE SOLICITANTE

Don / dona	<input type="text"/>	con D.N.I/N.I.E.	<input type="text"/>
En nome e representación de	<input type="text"/>		
Razón social	<input type="text"/>	con C.I.F.	<input type="text"/>

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que segundo o establecido na base 8^a.3 da convocatoria das axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II” 2024/2025 do Concello de Cambre no que se establece o seguinte,

“8.3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación de conformidade, mediante a presentación da solicitude asinada de aceptación Anexo IV. Transcorrido este prazo, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada. O dito anexo poderá presentarse xunto coa solicitude”

ACEPTE a subvención concedida polo Concello de Cambre ao abeiro da convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II” 2024/2025 do Concello de Cambre.

Cambre, ____ de _____ de 202____

Asdo,

ADVÍRTESELLE DE QUE consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, “A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.”

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á sua solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámolselle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.

XUSTIFICACIÓN, DECLARACIÓN DE CUMPRIMENTO DAS BASES DA CONVOCATORIA E SOLICITUDE DE PAGAMENTO (ANEXO V) INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II”

ENTIDADE SOLICITANTE

Razón social		C.I.F.	
Apelidos e		D.N.I/N.I.E	
Enderezo			
C.P.	Localidade	Provincia	
Teléfono	Correo		

DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL

Apelidos e nome	D.N.I/N.I.E
-----------------	-------------

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que para a súa xustificación e previo ao pagamento da subvención **acredita o cumprimento das bases** de convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II” 2024/2025 do Concello de Cambre, publicado no BOP: _____, e polo tanto o cumprimento da finalidade que determinó a concesión da subvención.

Que aos efectos de xustificación da subvención aporta os seguintes documentos:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA	
<input type="checkbox"/>	Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo III .
<input type="checkbox"/>	Copia dos contratos de traballo obxecto de subvención, que acrediten a contratación segundo as bases de convocatoria rexistrados no Servizo Público de Emprego

Informe de vida laboral do código da conta de cotización específica da empresa ou entidade na que se fixo a contratación comprensiva do período de duración da contratación.

- A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre para a obtención das certificacións de estar ao corrente nas obrigas establecidas nas bases sexta e décimo segunda do programa, que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Xeral da Seguridade Social, á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre.
- A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre, no suposto de ter a condición de beneficiario/a da subvención, para realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para comprobar o cumprimento da finalidade dos incentivos á contratación do alumnado traballador do obradoiro de emprego "PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II" 2024/2025.

Sr alcalde do Concello de Cambre

Quen subscribe, **aporta a documentación requerida** acreditativa do cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión e **solicita o pagamento das axudas** correspondentes á contratación das persoas participantes, de acordo co especificado nas Bases da Convocatoria, declarando ser certos todos os datos do presente documento.

Cambre, ____ de _____ de 202____

Asdo.:

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámosselle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente por importe total de **trinta mil euros (30.000,00 euros)**, imputables á aplicación orzamentaria 241.48000 "Subvencións correntes institucións e empresas fomento emprego" documento de retención de crédito nºoperación 220250000186 (CVD: /VLVYV+AMYNX2ZIfhUfz). Crédito xerado por Resolución núm.138/2025 de data 17 de febreiro de 2025 do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá (CVD: GK7iCcHyVr5tBiJiWRlb) de data 17 de febreiro de 2025.

Terceiro.- Publicar os presentes acordos no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local. No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobadas as Bases para a convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego "PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II" 2024-2025 do Concello de Cambre, e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na páxina web municipal.

Cuarto.- Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Quinto.- Dar traslado aos servizos económicos para os efectos oportunos.»

Aberta a quenda de intervencións, (.../...).

Non producíndose máis intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo de data 6 de marzo de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaoito (18), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Tres (3), do/as Sr./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Á vista do resultado da votación, declarase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo de data 6 de marzo de 2025 (CVD: IP7Vix76RqGz1y2iF/nC), polo que devén en acordo nos termos transcritos.”

E para que conste no expediente da súa razón, e coa salvidade e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente (artigo 206 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro), asino esta certificación por orde e co visto e prace da señora alcaldesa, dona María Dolores Pan Lesta. Cambre, na data da sinatura dixital.

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo

Visto e prace
A alcaldesa

María Dolores Pan Lesta